

Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e varias empresas, en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, dona _____ administradora única da empresa “Dulce Nombre Jesús Pérez Ramos” cuxa titularidade ostenta.

.

E doutra parte, don _____ administrador único da empresa “Ernesto Taboada Senaz” cuxa titularidade ostenta.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que o día 12 de xuño de 2019 asinouse o Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación dos autónomos Dulce Nombre Jesús Pérez Ramos e Ernesto Taboada Senaz, en diante as empresas asinantes, no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que as empresas asinantes aceptan as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado o día 12 de xuño de 2019 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. Cada unha das empresas asinantes comprométese a acoller nas súas instalacións a 1 alumno ou alumna.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado o día 12 de xuño de 2019 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e varias empresas, cun representante para cada unha das empresas asinantes.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas asinantes comprométese a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e

o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Asdo.: Carmen Pomar Tojo

**A representante da empresa Dulce
Nombre Jesús Pérez Ramos**

**O representante da empresa Ernesto
Taboada Senaz**

Asdo.: _____

Asdo.: _____